

# ENSINANZA SECUNDARIA DE ADULTOS

[CIRCULAR 5/2018, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓN SOBRE A ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DOS CENTROS EPA E DOS INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA QUE IMPARTAN ENSINANZAS BÁSICAS DE EDUCACIÓN PARA PERSOAS ADULTAS POLAS MODALIDADES PRESENCIAL E A DISTANCIA NO CURSO 2018/2019.](#)

## **Destinatarios**

Todas as persoas adultas maiores de 18 anos que desexen obter o título de graduado en educación secundaria.

Excepcionalmente, poderán cursar estas ensinanzas persoas maiores de 16 anos que teñan un contrato de traballo ou estean en circunstancias excepcionais que lles impidan realizar estes estudos polo réxime ordinario.

## **Organización**

Constan de catro módulos de duración cuadrimestral. Cada un organízase en tres campos de coñecemento: ámbito de comunicación, ámbito de sociedade e ámbito científico-tecnolóxico.

## **Certificación**

Ao remate do módulo 4, expedirase o título de graduado en educación secundaria a todas aquelas persoas que acaden os obxectivos xerais establecidos.

Cando non se rematen os estudos correspondentes á educación secundaria obrigatoria, os directores dos centros emitirán unha acreditación onde consten os niveis e módulos cursados así como a cualificación obtida.

## **O acceso a estas ensinanzas pode ser:**

Por superación do nivel II das ensinanzas iniciais.

Mediante proba de avaliación inicial.

Por validación de estudos.

## **O título de graduado en educación secundaria dá acceso a:**

Ciclos formativos de grao medio.

Bacharelato.

Mundo laboral.

## ENSINANZA SECUNDARIA DE ADULTOS

Ámbito de coñecemento	Módulos	
	terceiro	cuarto
Comunicación	5	5
Lingua extranxeira	2	2
Científico-tecnolóxico	8	8
Social	4	4
Titoría	1	1
Total	20	20